

Asistentes:

*Equipo decanal*

Alonso Bacigalupe, Luis  
Anaya Revuelta, Inmaculada  
Cruces Colado, Susana  
Del Pozo Triviño, Maribel  
Figueroa Dorrego, Jorge  
González Álvarez, M<sup>a</sup> Dolores

*Sector (A) Profesorado*

Agustín Guijarro, Javier de  
Arias Freixedo, Xosé Bieito  
Báez Montero, Inmaculada C.  
Becerra Suárez, M<sup>a</sup> Carmen  
Candelas Colodrón, Manuel A.  
Chas Aguión, Antonio  
Cortés Gabaudán, Helena  
Dasilva Fernández, Xosé Manuel  
Domínguez Castro, Luís  
Fariña Busto, M<sup>a</sup> Jesús  
Fernández Álvarez, M. Santiago  
Fernández Ocampo, Anxo  
Fernández Rodríguez, Áurea  
Fernández Salgado, Xosé A.  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
Galanes Santos, Iolanda  
García González, Marta  
Gómez Clemente, Xosé M<sup>a</sup>  
Ledo Lemos, Francisco José  
Lorenzo García, M<sup>a</sup> Lourdes  
Luna Sellés, Carmen  
Martínez Ínsua, Ana Elina  
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia  
Miquel Vergés, Joan  
Montero Domínguez, Xoán  
Montero Küpper, Silvia  
Navaza Blanco, Gonzalo  
Pereira Rodríguez, Ana M<sup>a</sup>  
Pérez Guerra, Javier  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Ribao Pereira, Montserrat  
Ripoll Delebourse, Virginia  
Rodríguez Guerra, Alexandre  
Salceda Rodríguez, Hermes  
Solla González, Amparo  
Soto Andión, Xosé  
Suárez Briones, Beatriz  
Sueiro Justel, Joaquín  
Urdiales Shaw, Martín  
Veiga Díaz, M<sup>a</sup> Teresa  
Yáñez Bouza, Nuria

**Acta da Xunta de Facultade ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2019 ás 11.30 h en primeira convocatoria e as 12.00 h en segunda convocatoria no Salón de Actos da FFT.**

## ORDE DO DÍA

### 1. Aprobación da acta da sesión anterior (4-7-19)

Feita a modificación sobre ausencias/presencias, apróbase por asentimento.

### 2. Informe do decano

2.1. Proposta do novo grao en Filoloxía Galega e Española. Despois de enviar as respostas ás alegacións, a reitoría convocou unha xuntanza o día 18 de xullo co vicerreitor de profesorado e o director da Área de Grao. Asistiu o decano xunto co director do Departamento de Filoloxía Galega e Latina e co director do Departamento de Literatura Española e Teoría da Literatura. As noticias que se transmitiron nesta xuntanza non foron nada boas. A Xunta mudou o seu parecer, e non aceptará a proposta de grao enviada, porque ten moitas cousas en común con outros graos existentes na Universidade de A Coruña e a de Santiago de Compostela. Agora piden contidos innovadores. O decano sinalou que o que se fixo foi o que se nos pedira, ter 90 créditos en común con outro grao da FFT pero agora cambiaron as regras. O vindeiro día 30 haberá xuntanza na Secretaría Xeral de Universidades (SXU) co equipo de goberno da Universidade de Vigo. Dan por case seguro que no curso 20-21 non haxa grao.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Alexandre Rodríguez: Tamén asistiu a reunión en calidade de director de departamento de Filoloxía Galega e Latina xunto co decano, e subliña que tivo a mesma percepción que o decano. Non se deu información obxectiva, senón opinións. A sensación que ten é que os superiores non fixeron a negociación que se presupuña estaba feita. Ás preguntas explícitas a resposta era ou opinión ou ben silencio. Pide enviar á reitoría un escrito urxente para que non

*Sector (B) Profesorado*

*Sector (C) Alumnado*

Bello Davila, Cristina  
Carrillo Rodríguez, Lara  
Pérez Álvarez, Raúl Manuel

*Sector (D) PAS*

López González, María Rosa  
Otero Rey, María Belén

*Desculpas e ausencias xustificadas*

Alonso Alonso, Rosa  
Baltrusch, Burghard  
Baxter, Robert Neal  
Bermúdez Montes, M<sup>a</sup> Teresa  
Bringas López, Ana  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
Caneda Cabrera, M<sup>a</sup> Teresa  
Díaz Fouces, Óscar  
Gómez Martínez, Alejandro  
Llantada Díaz, M<sup>a</sup> Francisca  
Luna Alonso, Ana  
Martín Lucas, Belén  
Montero Reguera, José Francisco  
Parada Diéguez, Arturo  
Quilis Sanz, M<sup>a</sup> José  
Rama Martínez, M<sup>a</sup> Esperanza  
Ramallo Fernández, Fernando  
Rodríguez Rodríguez, Beatriz  
Rodríguez Vázquez, Rosalía  
Ruzicka Kenfel, Veljka  
Seijas Montero, María  
Valado Fernández, Liliana  
Yuste Frías, José

*Ausencias sen xustificar*

Abalo Dieste, Laura  
Álvarez Lugris, Alberto  
Álvarez Suárez, Vera  
Amosa Mendoza, Esther  
Andrés Iglesias, Jesús  
Angueira Viturro, Anxo  
Buceta Bugallo, Fuensanta  
Corvo Sánchez, M<sup>a</sup> José  
Costas González, Xosé Henrique  
Diz Ferreira, Jorge  
Fernández Berciano, Enya  
Fernández Pena, Yolanda  
Gamallo Valladares, Andrea  
García Fonte, Nuria  
García-Miguel Gallego, José M<sup>a</sup>.  
Garrido Rodrigues, Carlos  
Gil Vicente, Alba  
Gómez Guinovart, Fco. Xavier  
González López, Sixto  
González Maestro, Jesús

só se negocie politicamente na Xunta, e que polo menos tenten de atopar unha saída. Se esperamos o informe da SXU sobre o novo grao, previsto para setembro, xa será tarde.

Rosa Pérez: Os contidos innovadores xa os tiñamos no actual grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (GCLEL) e moitos deles nin se deixaron implantar. Parece que houbo engano e incompetencia nas instancias superiores. Esta é unha extinción planificada dos estudos filolóxicos da Universidade de Vigo. Talvez haxa que presionar para obter unha moratoria. Precisamos tempo para reflexionar. Hai que mandar un escrito para protestar por esta situación.

Joaquín Sueiro: Quere insistir nas afirmacións de Rosa Pérez. Afirma que estamos “titorizados” desde a Universidade de Santiago de Compostela. Temos os graos que lles interesa a eles. É fundamental pedir unha moratoria. O ano que vén hai eleccións á Xunta e a situación pode mudar.

Xosé M<sup>a</sup> Gómez Clemente: Hai que enviar un escrito. Dá a impresión de que alguén non fixo o seu traballo, e nos somos nós. Cre que a Xunta non mudou de criterio, porque se cingue ao decreto. O art. 4 é máis amplo. O actual grao non está en extinción porque non houbo acordo do Consello de Universidades. Hai polo tanto que pedir moratoria. Unha das propostas que hai que levar é a de conservando o grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios mantendo 1º e 2º e modificando 3º e 4º. Así estaríamos reverificando un título, non presentando un novo. Isto permitiría cumprir supostamente a legalidade. Non se pode escribir nunca máis unha liña sen ter pactado o título coa Xunta. No sabe se é o primeiro caso de rexeitamento dun título.

Miguel Cuevas: Síntese enganado. Está de acordo coas intervencións de Rosa Pérez, Xosé M<sup>a</sup> Gómez Clemente e Joaquín Sueiro. O que se fixo foi unha liña marcada pola Xunta, e por iso é sorprendente que rexeiten o grao. Cambian de liña usando o mesmo decreto.

Luís Domínguez: A Universidade de Vigo está xogando nunha liga profesional pero como amateur. O primeiro que temos que esixir é que estea o decano nesa próxima reunión. Cabe supor que é o que máis sabe do que acontece na FFT. A moratoria ten que pedila o equipo de goberno da universidade. Ata agora houbo boas palabras e bos xestos, pero non feitos.

Manuel Candelas. Debe facerse unha reunión directa entre esta facultade en forma de comisión ou persoa/s delegada/s, e a Xunta de Galicia porque o que parece que o que falta é interlocución. O día 30 sería a data perfecta. Senón a comezos de setembro.

Iglesias van der Woude, Miguel  
López Pais, Cristina  
Marcos Vázquez, Juan Antonio  
Nogueiras Justo, Francisco Manuel  
Peres Rodrigues, José Henrique  
Rodríguez Barcia, Susana  
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo  
Rifón Sánchez, Antonio  
Sánchez Trigo, M<sup>a</sup> Elena  
Santos García, Mercedes  
Seoane Posse, Elena C.  
Souto Rodal, Tania  
Torres Sotelo, Laura  
Vega Martínez, Lucía  
Veiga López, Daniel

Inmaculada Baéz: Está de acordo con case todo o que se dixo. O que se nos indicou foi que con 90 créditos en común todo ía estar arraxado. O que precisamos é dar respostas a unha posible demanda, pero o que non hai que esquecer é o xeito de ter 50 alumnos. O que conseguimos foi perder alumnado.

Xosé M<sup>a</sup> Gómez Clemente: A Secretaría Xeral non vai permitir esa reunión coa Xunta. Debería haber unha reunión antes do 30.

O decano responde que xa se falou na Comisión de Calidade pedir á Xunta de Facultade a confianza para presentar un escrito incluíndo todos estes puntos que xurdan na reunión. En realidade este grao é só unha peza no xogo do mapa de titulacións de Galicia. Inmaculada Anaya: Súmase á intervención do decano e de Manuel Candelas. Quere dar a súa opinión persoal, non como vicedecana. Ademais de pedir interlocución hai que pelexar. O equipo de goberno tería que ir acompañado de persoas que coñezan ben este título.

Recapitulación:

Facer o escrito con puntos como a moratoria, posibilidade de reverificación do título, mantendo 1º e 2º, modificar 3º e 4º. En ningún caso facer unha reforma se ter instrucións por escrito. Propor que o decano ou comisión vaia á xuntanza, tamén pode ir o escrito.

O decano pide que a Xunta de Facultade referende ese escrito, e que asista o decano acompañado dalgunha/s persoa/s.

2.2 Datos de matrícula a día 21. En xeral non vai moi ben. Hai que ter en conta factores como a competencia da FP e a continua baixada de natalidade.

Grao de Linguas Estranxeiras: 40 matrículas

Grao en Tradución e interpretación: en-es: 40; fr-es: 14; en-gl: 12; fr-gl: 0

Grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios: 12 presenciais. Semipresenciais: 0

Hermes Salceda pide a palabra. Quere manifestar que a baixa matrícula non é tanto unha cuestión aleatoria demográfica como a política da desviación alumnado a FP e o desprestixio de todo o que supón o mundo das letras tanto da Xunta como dos equipos de goberno desta universidade. Considera que a Xunta ten a estratexia de que o estudantado de bacharelato non chegue á universidade.

Luis Domínguez: O *Faro de Vigo* publica un cadro con titulacións

que pecharon a matrícula, só hai unha da universidade de Vigo, o grao en Tradución e Interpretación na combinación en-es.

Dolores González: Lamentablemente o que acontece coas titulacións no só es desprezo das letras. A Universidade de Vigo pechou outros tres títulos, e o procedemento foi similar, como por exemplo en Ourense o dobre grao de ADE e Informática.

2.3. Nota técnica para acceso ao centro en vacacións.

2.4. Imos mudar o aspecto da web da FFT. Será idéntico ao das outras facultades.

2.5. As eleccións ao decanato están previstas para o 30 de setembro

2.6. Negociacións sobre mestrado en ELE. Houbo unha primeira xuntanza na que participaron José Montero e Joaquín Sueiro. Non foi excesivamente fluída.

### **3. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do regulamento do TFG da FFT**

Trátase de adaptar a normativa para que poida funcionar a forma de establecer un tribunal unipersoal. As datas límites de presentación por cuadrimestre mudaron este ano. Haberá que facer informe da dirección só cando sexa tribunal colexiado.

Pídese votación. Resultados:

Votos en contra 0

Votos a favor 34

Abstencións 5

A proposta de modificación do regulamento do TFG queda aprobada por maioría.

### **4. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do regulamento do TFM da FFT**

O lugar de recollida dos TFM vai cambiar. Farase na área de posgrao, porque na FFT temos todo o persoal do ámbito xurídico e humanístico, e están de acordo en recollelos.

Procédese á votación.

Votos a favor: 30

Votos en contra: 4

Abstencións: 6

A proposta de modificación do regulamento do TFM queda aprobado por maioría.

### **5. Aprobación, se procede, dos horarios da FFT para o curso académico 19-20**

A vicedecana de Organización Académica intervén para sinalar que

se introduciron todos os cambios que se pediron, salvo os de última hora. Con todo, os horarios quedaron pouco coherentes e non favorecen en demasía ao alumnado. Os dos graos son enormemente complexos.

Apróbanse por asentimento os horarios dos graos e os horarios dos másteres que remitiron os responsables destes.

#### **6. Aprobación, se procede, das guías docentes dos mestrados e dos cursos segundo, terceiro e cuarto dos graos da FFT.**

Algunhas guías precisan modificar as datas para adaptalas

Votos a favor: 38

Votos en contra: 0

Abstencións: 1

Apróbanse as guías docentes dos mestrados e dos cursos segundo, terceiro e cuarto dos graos da FFT.

#### **7. Informe e toma de postura sobre as novidades relativas o servizo de reprografía da FFT.**

Houbo unha “Consulta preliminar sobre el mercado sobre diversos aspectos relacionados con la contratación del “suministro de equipos multifunción”. Nesta só contempla un servizo de reprografía en autoservizo, sen persoas que atendan.

Carmen Becerra: Pregunta cales son criterios cales son los que sosteñen a redución de persoal. Non só falamos da necesidade dun servizo de reprografía, falamos tamén de postos de traballo.

Xosé M<sup>a</sup> Gómez Clemente: Propón que se soliciten datos de número de usuarios. (cf. Anexo)

O decano le un escrito motivado para transmitir á reitoría o desacordo e malesyar polo feito de non contemplar un servizo de reprografía tendido por empregados. Aprobado por asentimento

#### **7. Elección da Comisión encargada da negociación para a implantación do máster "Español Lengua Extranjera".**

Primeira xuntanza Montero e Sueiro. Había un plan feito na universidade de Santiago que xa tiñan moi artellado. Esperan que se sumen a universidade de Coruña e a de Vigo. O asunto quedou cancelado até setembro. Desde a universidade de Coruña pediuse que para a próxima xuntanza se avanzase, para o que é preciso nomear esta comisión.

Xosé María Gómez indica que os departamentos, non teñen competencias sobre os títulos.

Joaquín Sueiro sinala que houbo unha primeira reunión de toma de contacto de Vigo, Santiago e Coruña. A de Santiago xa tiña un

plano elaborado que foi rexeitado. Propuxeron que nós aportáramos unha proposta de plano de estudos, para ver de encaixar con eles, e chegar a unha proposta de mestrado interuniversitario.

O mes de setembro sería para elaborar o plan de estudos, non para ver se se vai autorizar.

Miguel Cuevas pregunta por que Santiago non comunicou a súa proposta antes da reunión. Debemos facer unha alternativa con Coruña?

Joaquín Sueiro: José Montero pediu o plano de estudos para traballar sobre el. Os que alí estaban non se sentían autorizados para facelo.

Concha Báez presenta a candidatura para formar parte desta comisión porque así llo pediron. Anéxase o correo electrónico onde está a súa petición.

Manuel Candelas solicita que se adíe esta cuestión ata setembro. O tema está pouco debatido. Súmase Antonio Chas.

O decano le a carta de José Montero que non pode asistir (en Anexo) onde se pide a comisión esta formada por dúas persoas de lingua española e dúas de literatura española, nomeadas polos departamentos respectivos. Propón entón adiar o nomeamento da comisión e retirar o punto.

Joaquín Sueiro está descontento coa decisión de adiar o nomeamento.

O decano pide consenso.

Joaquín Sueiro retira a súa proposta, e acepta dúas persoas de lingua española e dúas de literatura española, nomeadas polos departamentos respectivos, como figura na carta de José Montero. Apróbase por asentimento.

#### 8. Rolda de intervencións

Non hai intervencións

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión as 14.18 h.

Vigo, 23 de xullo de 2019

Visto e prace do Decano

A Secretaria

Luís Alonso Bacigalupe

Susana Cruces Colado  
segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do  
*Regulamento Interno da FFT*, 67 dos *Estatutos  
da Universidade de Vigo* e 26.3 e 27 da *Ley de  
Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas  
y del Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día 23\_ de xullo de 2019.

A Secretaria da Facultade

M<sup>a</sup> Susana Cruces Colado